

LER PARA SABER: A CIENCIA
PROXECTO REALIZADO POLA BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA
(CONCELLO DE OLEIROS)
ANOS 2023 E 2024

DESCRICIÓN PORMENORIZADA:



Cartel ano 2023



Cartel ano 2024

LER PARA SABER: A CIENCIA é un proxecto formado por charlas e obradoiros de divulgación científica realizado na Biblioteca Central Rialeda. Planifícase anualmente e desenvolvéndose durante determinados venres, ás 18.30 h, dos meses de febreiro a maio e de outubro a decembro. Está dirixido a nenas/os maiores de 10 anos, adolescentes, mocidade e público en xeral. Consiste na presentación dun tema científico como: programación informática e usos de novas tecnoloxías, a xenética, a bioloxía, novos experimentos científicos, o corpo humano, a alimentación, o cambio climático, a botánica, a conservación dos océanos, astronomía, aeronáutica e misións espaciais, a arquitectura, etc. Todos os expertos e os diversos profesionais que imparten estas conferencias e obradoiros fano de forma altruísta e gratuíta. Para poder levalo a cabo é imprescindible a colaboración do profesorado, alumnado e pais/nais de alumnos/as do Colexio Valle Inclán de Perillo, así como profesorado doutros colexios e institutos de Oleiros, profesorado da Universidade da Coruña, técnicos dos Museos Científicos Coruñeses, médicos do CHUAC e outros/as profesionais e expertos/as.

Consideramos que actualmente é fundamental traballar a cultura científica, un dos piares básicos dunha sociedade culta, formada e responsable. Coa divulgación dos diversos temas de ciencia e tecnoloxía preténdese facer accesible a toda a poboación o coñecemento científico. Poner a mirada nos diversos campos do mundo da ciencia que poden resultar útiles á cidadanía á hora de comprender mellor estas temáticas, de forma que teña a información necesaria para adquirir unha opinión sobre cuestións relacionadas cos avances da ciencia e as súas repercusións, para facilitar que cada persoa teña un pensamento crítico.



Os obxectivos que se pretenden conseguir son: achegar a ciencia a todas as persoas (pero principalmente a adolescentes e xoves), ampliar os coñecementos sobre temas científicos de importancia na vida diaria, fomentar o coñecemento específico dunha materia determinada, dinamizar os fondos bibliográficos sobre estes temas, atraer á biblioteca a un público interesado pola ciencia e, en definitiva, fomentar a lectura e a consulta de libros que traten estas temáticas.

A continuación presentamos as realizadas durante o ano 2023 e as que levamos do 2024 ata a data actual.

PROGRAMACIÓN:

Programáronse conferencias, obradoiros, prácticas e experimentos sobre temas moi diferentes para atraer a un público de gustos diversos e variados.

En función das persoas que están dispostas a colaborar, elabórase a programación, contando coa colaboración da profesora de primaria do CEIP Valle Inclán, Fina Mosquera. Debido a que neste colexio teñen constituído un grupo de Ciencias formado por profesorado e as nais e pais que desexaron inscribirse nel: desde profesorado doutros centros, enxeñeiros/as, médicos/as, arquitectos/as e diversos profesionais e expertos en distintas materias. Reúnen e pensan en persoas que poidan impartir as conferencias que interesan para cada ano. Unha vez realizada a programación, edítanse carteis e folletos que se envían a todos os centros de ensino, bibliotecas municipais, casas do pobo, centros de saúde, etc. Publicítase no blog da biblioteca, na Web e na radio municipal, na prensa e en distintos medios de comunicación.

A estrutura de cada unha das actividades é:

Primeiro, preséntanse aos/ás conferenciantes. A biblioteca realiza sempre unha selección bibliográfica sobre o tema que se vai tratar, con libros e DVD que se expoñen na sala onde se realiza a charla, elabórase un folleto da selección e repártase entre o público asistente, comentándose como se levou a cabo esa selección. Expóñense todos os fondos da escola para que as persoas que asisten aos actos os vexan e os leven en préstamo. Debemos destacar que aumentou moito o préstamo de este tipo de obras, gracias a súa difusión e promoción en cada unha das conferencias. Despois centrámonos en dous libros, que explicamos e recomendamos a súa lectura.

A continuación, dous alumnos expoñen, apoiados nun PowerPoint, un tema relacionado co que vai tratar o conferenciante, para isto antes teñen que preparalo nas súas clases e realizar o PowerPoint baixo a revisión do seu profesorado.

Seguimos coa conferencia propiamente dita exposta polo científico, técnico ou experto na materia. O/a conferenciante realiza a charla de divulgación científica, dunha forma sinxela e comprensible para todo tipo de público, de maneira que os/as asistentes poidan asimilar os conceptos e ideas básicas sobre a temática tratada, contribuíndo a promover a ciencia e os avances científicos ao longo da historia da humanidade e aprendendo uns coñecementos e conceptos sobre o mundo da ciencia importantes para desenvolverse na sociedade actual.

Pódese finalizar cunha parte práctica (obradoiros, experimentos, prácticas botánicas ou de bioloxía, etc) debido a que aos asistentes gústalles moito, ademais das preguntas que queira facer o público.

Como se pode ver, é fundamental a participación e colaboración do profesorado do CEIP Valle Inclán, alumnado e nais/pais do grupo de Ciencias.



ANO 2023

17 de marzo de 2023: “Poden os nenos e as nenas programar robots?”

Carlos Méndez Rodríguez, licenciado en informática



Charla cunha pequena parte de teoría e moita práctica en torno á programación. Os/as asistentes trouxeron os seus propios ordenadores para poder ir facendo á vez as explicacións do conferenciante.

Asistencia total de 32 persoas: 16 adolescentes e 16 adultos/as.

<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/2023/03/ler-para-saber-ciencia.html>

14 de abril de 2023: “A célula: unidade fundamental da vida”

Raquel Iglesias Reinoso, doutora en bioloxía



Charla explicando que é unha célula e sobre xenética utilizando diapositivas e un audiovisual. Os/as asistentes observaron mostras de laboratorio por un microscopio.

Asistencia total de 43 persoas: 24 adolescentes e 19 adultos/as.

<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/2023/04/ler-para-saber-ciencia-14-de-abril-2023.html>



12 de maio de 2023: “*Cambio climático*”

Xacobo de Toro Cacharrón, profesor de bioloxía e xeoloxía



Explicación das causas e consecuencias do cambio climático. Como vai afectar ás xeracións vindeiras e que xa empezamos a sufrilo nós. A conferencia finalizou con experimentos con xeo para explicar o impacto do desconxelamento dos polos nos océanos e na costa.

Asistencia total 57 persoas: 24 adolescentes e 33 adultos/as.

<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/2023/05/ler-para-saber-ciencia-12-de-maio-2023.html>

26 de maio de 2023: “*As mascotas non son xoguetes*”

Jacqueline Vázquez González, veterinaria



A conferenciante trouxo unhas mascotas e explicou, de forma xeral, os coidados que hai que ter con elas, a concienciación de que son seres vivos e temos que coidalos como tal e a responsabilidade que implica ter unha mascota na casa. Despois explicou con máis detemento sobre os cans, gatos e tamén os cabalos, debido a que había algúns adolescentes que ían a actividades con estes animais.

Asistencia total 47 persoas: 25 adolescentes e 22 adultos/as.

<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/2023/05/ler-para-saber-ciencia-26-de-maio-2023.html>



6 de outubro de 2023: “Os microorganismos e as microalgas”

Carmen Rioboo Blanco, profesora de microbioloxía na Universidade da Coruña



Explicación de que se entende por microorganismos (bacterias, protozoos, algas e fungos) e do uso das microalgas para a eliminación da contaminación mariña e a destrución dos residuos.

Asistencia total 46 persoas: 26 adolescentes e 20 adultos/as.

<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/2023/09/ler-para-saber-charlas-de-divulgacion.html>

27 de outubro de 2023: “Alimentación saudable na idade escolar”

Uxía Rodríguez Lavandeira, dietista e nutricionista no CHUAC



Charla sobre a concienciación da importancia dunha boa alimentación, facendo fincapé na idade escolar. A necesidade de consumir o menos azucre posible e informar dos alimentos onde máis se pode atopar, aínda que a veces non o pareza.

Asistencia total 49 persoas: 25 adolescentes e 24 adultos/as.

<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/2023/10/ler-para-saber-ciencia-27-de-outubro.html>



10 de novembro de 2023: “Árbores e arbustos no xardín da biblioteca Rialeda”

Miguel Sánchez, fotógrafo e Fina Mosquera, profesora de educación primaria



A profesora do CEIP Valle Inclán, Fina Mosquera, en colaboración coa Biblioteca Central Rialeda, traballou co alumnado de 5º e 6º de educación primaria sobre a necesidade da conservación e protección da natureza, centrándose no estudo das árbores e arbustos do xardín da biblioteca. Varios/as alumnos/as explicaron aos seus compañeiros/as as características destas especies e recitaron as poesías seleccionadas, todas relacionadas coa natureza.

Asistencia total 55 persoas: 34 adolescentes e 21 adultos/as.

<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/2023/11/ler-para-saber-ciencia-10-de-novembro.html>

Froito desta colaboración naceu a idea da realización dun libro titulado “**RIALEDA: POESÍA DA NATUREZA**”, publicación sobre o edificio da biblioteca Rialeda (unha casa modernista construída en 1912) e os árbores e arbustos do seu xardín, no que destacan un cedro do Himalaia e frondosos tileiros, castaños e outras especies moi adaptadas ao noso territorio, como son as camelias e os magnolios.


Nesta obra únense medio ambiente e literatura e con ela quérese amosar e dar a coñecer as árbores e os arbustos do xardín desta biblioteca, ademais de explicar algunhas das principais características arquitectónicas do fermoso edificio no que está situada.

Co obxectivo de relacionar natureza e poesía, preséntase unha fotografía de cada especie vexetal, xunto coa súa descrición (orixe, tipo de tronco, follas, froitos...), acompañada dun poema seleccionado da obra de diversos escritores e escritoras: Rosalía de Castro, Manuel María, Pilar Pallarés, Xavier Seoane, Helena Villar Janeiro, Cesáreo Sánchez Iglesias, Xohana Torres, Luís Cernuda, Rafael Alberti, Luz Pozo Garza, Federico García Lorca, Olga Patiño Nogueira, Antonio García Teijeiro, Yolanda Castaño, Gabriela Mistral, Antonio Gamoneda, Gloria Fuertes, Octavio Paz, Concha Blanco e Gerardo Diego.

Os textos da introdución e o edificio foron realizados pola bibliotecaria Luz Corral, os das árbores e arbustos pola profesora Fina Mosquera, a selección das poesías foi realizada polo persoal da Biblioteca Central Rialeda, as fotografías e o deseño da edición son do fotógrafo Miguel Sánchez e a revisión do galego da normalizadora lingüística Lucía Filloy.

A profesora Fina Mosquera, paralelamente ao estudo do xardín, foi traballando co seu alumnado de 5º e 6º de primaria para que coñeceran e distinguiran as distintas especies vexetais.





ABELEIRA
Corylus avellana

Arbusto ou pequena árbore de ata 9 metros de altura. Os troncos e as pólas nacen cerca do chan, teñen a codia lisa, de cor parda clara. As follas son caducas, redondeadas con bordos serrados, e acaban en punta. A súa cor é verde clara e están recubertas dunha lixeira capa de pelos. As flores nacen antes que as follas, a primeiros da primavera. Son monoicas con amentos de sexo diferenciado: os masculinos de cor amarelo pálido de entre 5 e 12 centímetros de longo. Os femininos moi pequenos e practicamente ocultos nas semas das que xorden os estilos de cor vermello. O froito é a abelá rodeada dunha especie de casco de cor verde primeiro e logo acastañado. A semente madura a remates do verán ou primeiros de outono. Son comestibles e son moi ricos en aceite. Cultívase desde varios séculos antes de Cristo, aínda que maioritariamente é unha árbore silvestre. As varas da árbore utilízanse para facer cestos e toneis. Das sementes extráese un aceite que se usa na alimentación, para elaboración de perfumes, pinturas e xabón.

BIOGRAFÍA DUNHA FOLLA

Agromou a folla. Naceu para ollar con asombro ao universo e para clarificar á Primavera. Escoitou a música enfebrecida e delicada dos paxaros. Tremeu de desexo e de paixón cos agramos mains e sutís da brisa recendente e invisíbel. Contemplou envíso a máxica floración de todo canto existe. Deuse ao estío. Ao chegar o Outono desprendeuse da árbore que a ataba e, sen máis, botouse mundo adiante.

Manuel María *Oráculo para cabaliños do demo*

16 - RIALEDA Poesía da Natureza



PITÓSPORO
Pittosporum tobira

É un arbusto perennifolio que pode medir ata 10 metros orixinario de China e Xapón. Ramifica desde a base sempre que recibe luz suficiente, creando troncos, se non se podan, dando lugar a unha pequena árbore. As follas son ovais, coriáceas, verde escuras pola face, máis pálidas polo envés. As flores aparecen en pequenas agrupacións de flores ao remate do brote. Son pequenas, brancas, teñen forma estrelada. A primeiros da primavera as flores, moi perfumadas, con olor a azar cobren a planta e son visitadas polas abellas. O froito é unha cápsula verde redondeada duns 12 milímetros de diámetro. As sementes son de cor marrón. O seu uso é fundamentalmente ornamental, empregándose como sebes para delimitar os terreos. Como elementos decorativos solitarios cando están recortados ou como árbores solitarias no medio do céspede.

AS ÁRBORES

As árbores celebran a chegada do outono. Non choraban, non se rían. Sinxelamente aplaudían.

Xa rematara o verán, as festas, as romarías. Elas deron o seu froito entre chitos de paxaros galamouto e algarabía.

Quen dixo que estaban tristes, apoucadas e sufrían? Iso non era certo, elas só se despedían, do sol, das follas, do aire quente e da longa luz día.

[...]

Concha Blanco *Cantos da rula*

52 - RIALEDA Poesía da Natureza



<https://bibliotecasoleiros.blogspot.com/2024/02/rialeda-poesia-da-natureza.html>



ANO 2024

2 de febreiro de 2024: “A ciencia na arte”

Gemma Andújar Santos, profesora de educación secundaria



Nesta charla relacionouse a arquitectura, ao longo dos séculos, con ciencias como a astronomía, os cálculos xeométricos, etc. Por exemplo, como os zigurats mesopotámicos tiñan que ver coa astronomía ou as pirámides exipcias que foran calculadas xeometricamente.

Asistencia total 45 persoas: 21 adolescentes e 24 adultos/as.

<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/2024/01/ler-para-saber-ciencia-2-de-febreiro.html>

1 de marzo de 2024: “A importancia da conservación dos océanos”

Sebastián Losada Figueiras, licenciado en Ciencias do mar e asesor de Greenpeace Internacional



Explicou a importancia da contaminación nos mares e océanos e como inflúe na fauna e flora dos mesmos. O impacto medioambiental dos plásticos nas augas mariñas, principalmente dos microplásticos e como os peixes os inxiren ao comer.

Asistencia total 35 persoas: 14 adolescentes e 21 adultos/as.

http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/2024/02/ler-para-saber-ciencia-1-de-marzo-2024_27.html



15 de marzo de 2024: “*Construímos unha nave espacial*”

Alejandro Cardesín Moinelo, enxeñeiro e científico de Misiões Planetarias



Charla sobre a construción dunha nave espacial, a vida dentro dela, os problemas de saúde que teñen os astronautas a bordo e o control da súa saúde e como é máis doado que vaian a bordo robots en lugar de persoas. Explicou como foi o envío da última nave enviada a Marte.

Asistencia total 42 persoas: 14 adolescentes e 28 adultos/as.

<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/2024/03/ler-para-saber-ciencia-15-de-marzo-2024.html>

19 de abril de 2024: “*O corazón: función, patoloxías e coidados*”

Enrique Iglesias Río, cardiólogo no CHUAC e no Hospital San Rafael



Conferencia sobre saúde cardiovascular. Explicou o funcionamento do corazón, as principais enfermidades e a prevención delas. A importancia da alimentación, os hábitos saudables e o deporte.

Asistencia total 46 persoas: 22 adolescentes e 24 adultos/as.

<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/2024/04/ler-para-saber-ciencia-19-de-abril-2024.html>



24 de maio de 2024: “Arquitectura sostible: casa bioclimática e casa ecolóxica”

Marcos Álvarez Montes e Susan Monyón Romero, arquitectos



Conferencia con exemplos arquitectónicos prácticos de aproveitamento do sol e das condicións térmicas en verán e inverno. Diferentes exemplos de distintos tipos de arquitectura.

Asistencia total 28 persoas: 13 adolescentes e 15 adultos/as.

<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/2024/05/ler-para-saber-ciencia-24-de-maio-2024.html>

31 de maio de 2024: “Investigación sobre microalgas”

Carmen Rioboo Blanco, profesora de microbioloxía na Universidade da Coruña



Esta charla completou a realizada o 6 de outubro de 2023 sobre o tema das algas e microorganismos na importancia do medio mariño.

Asistencia total 38 persoas: 16 adolescentes e 12 adultos/as.

<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/2024/05/ler-para-saber-ciencia-31-de-maio-2024.html>

Asistencia total ás 13 charlas programadas: 563 persoas, cunha media de 43 persoas cada día.

DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS:

Cada unha destas charlas son realizadas de forma altruísta por un profesional da materia, como profesorado universitario ou de instituto de distintas materias científicas, persoal sanitario, enxeñeiras/os, científicas/os, etc, e sempre cunha introdución ao tema realizada por alumnado do CEIP Valle Inclán de Perillo (Oleiros), dirixido polo profesorado, polo que existe unha estreita relación entre a biblioteca e os centros de ensino.



O fin destas é ampliar o coñecemento de diversos temas científicos de importancia na vida diaria, á vez que dinamizamos os fondos científicos que temos na biblioteca e promovemos o préstamo de libros e audiovisuais das diferentes disciplinas tratadas, como o demostra o aumento do préstamo de fondos de ciencias realizado o mesmo día das charlas e en días posteriores. Tamén nos interesa a motivación dos asistentes máis novos na busca de información bibliográfica sobre as distintas temáticas da ciencia e que se acostumen a falar e presentar en público. Todo isto lógrase coa intervención do alumnado que fai as introducións, o fomento do uso das novas tecnoloxías, a motivación nas nenas, adolescentes e mozas para inclinarse cara as carreiras de ciencias, logrando así unha maior igualdade de sexos, e, en definitiva, conseguir atraer a máis público á biblioteca e poder así dinamizar os seus fondos.

CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DA SÚA EFECTIVIDADE, INDICADORES UTILIZADOS E RESULTADO DA SÚA APLICACIÓN, CON COMPARATIVA ENTRE RESULTADOS ANTERIORES AO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE E POSTERIORES

Realízase un seguimento de asistencia aos diversos actos, comparando con outros anos, tamén un seguimento da participación, unha ficha de avaliación e entréganse estas enquisas aos participantes.

A TUA OPINIÓN CONTA.
ENCUESTA DE AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES

Nome da actividade:
Data:
Lugar:

1. Valoración da actividade:

	1	2	3	4	5
Conteúdo da actividade					
Profesional que a realizou					
Interese da actividade					
Lugar no que se realizou					

2. De acordo, a actividade realizada:

☐ Molto interesante ☐ Interesante ☐ Pouco interesante ☐ Non interesante

3. Recomendacións da actividade a outras persoas:

☐ Si ☐ Non ☐ Non sei

4. Como recibísteis a actividade?

☐ Por actividades coñecidas
☐ Por medio de recomendacións
☐ Por outros da biblioteca
☐ Por medio de actividades de difusión institucional
☐ Por outro medio ou por outro camiño

5. Satisfacción da actividade:

GRACIAS POR A TUA ADESAIROMENTO

Sabemos que estas actividades gustan tantos aos adolescentes como ao público adulto, porque conseguir que haxa unha media de 43 persoas diarias (moitas delas adolescentes) un venres pola tarde, significa que son temas que lles interesan.

POSIBILIDADE DE PROLONGACIÓN E/OU MELLORA DO PROXECTO

Temos a intención de continuar co proxecto nos meses de outubro a decembro e tamén durante o próximo ano.

Unha posibilidade de mellora sería mercar novos fondos bibliográficos sobre temas científicos con destino á biblioteca municipal e tamén para poder agasallar libros destas temáticas para a biblioteca escolar do colexio colaborador e aos adolescentes participantes.



MÉRITOS ALEGADOS EN TODOS OU NALGÚN DOS ASPECTOS RECOLLIDOS NO ARTIGO 16 DESTA ORDE (CRITERIOS DE VALORACIÓN)

a) Carácter innovador ou orixinalidade:

A orixinalidade deste proxecto radica na divulgación, ao longo do ano, de temas científicos por parte dunha biblioteca pública e en colaboración cun centro de ensino. O traballo anterior na aula, a preparación do alumnado participante na introdución á charla, aprendizaxe e manexo de novas tecnoloxías e novos programas informáticos para a exposición ao público do tema tratado por parte dos nenos e nenas, todo baixo a formación e a revisión do seu profesorado. A implicación deste e dos pais e nais do alumnado e, por suposto, a colaboración altruísta e gratuíta dos distintos profesionais que veñen a impartir as diferentes conferencias.

Todo isto implica un modo diferente de achegar á sociedade os temas científicos por parte dunha biblioteca municipal.

b) Implicación da comunidade no deseño e desenvolvemento do proxecto:

Realízase en colaboración con:

Centros educativos, en especial co CEIP Valle Inclán de Perillo (Oleiros). Tamén participa a AMPA e a asociación do grupo de Ciencias deste colexio.

A Universidade da Coruña coa participación dalgún do seu profesorado.

Asociacións e organizacións internacionais como pode ser Greenpeace Internacional ou a Agrupación Astronómica Coruñesa Ío, das que algún dos seus integrantes viñeron impartir conferencias.

Sector sociosanitario como o CHUAC (Centro Hospitalario Universitario A Coruña) a través dalgún dos seus médicos.

c) Alcance e relevancia para diferentes tipoloxías e colectivos das persoas usuarias:

Debido a que se traballa con todo o alumnado de 5º e 6º de primaria do CEIP Valle Inclán, así podemos chegar a todo o alumnado interesado por estes temas, pero tamén aos que non senten ningún interese por eles, tratando de motivalos e incorporalos a través de temáticas que lles resulten atractivas, como poden ser as novas tecnoloxías ou a explicación do envío dunha nave espacial a Marte que suscitou moitas preguntas ao científico que expuxo o tema; ou a forma de coidar as mascotas, que tamén espertou moita curiosidade. Débese ter en conta, que ao ser un colexio público traballamos con nenos de diversos niveis económicos e sociais (inmigrantes, etc.) e con persoas con necesidades especiais.

Como tamén queremos integrar ás persoas adultas e á terceira idade, sempre se procura programar algunha charla sobre temas que lles preocupan, como resultou ser “O corazón: función, patoloxías e coidados” na que as persoas maiores realizaron moitas preguntas, pero tamén houbo bastante interese por parte do público xuvenil no aspecto da prevención. Outra temática que sabiamos que ía ser de interese para os/as adultos/as foi “A importancia da conservación dos océanos” tendo en conta que Oleiros é un concello costeiro.



d) Medidas empregadas pola biblioteca para dar publicidade ao proxecto ou boa práctica e aos resultados obtidos, e repercusión nos medios de comunicación:

-Medidas de difusión cos medios da propia biblioteca:

As redes sociais

O blog das bibliotecas municipais de Oleiros

<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/>

Pola páxina web do Concello de Oleiros na sección de Bibliotecas

<https://www.oleiros.org/bibliotecas>

<https://twitter.com/biblOLEiros>

<https://www.youtube.com/user/biblOLEiros>

<https://www.flickr.com/photos/biblOLEiros/sets/>

<https://www.pinterest.es/biblOLEiros/>

<http://issuu.com/biblOLEiros>

<https://open.spotify.com/show/2U4SvfIVtopY8P8W8cL7AE>


Proporcionamos información das distintas actividades mediante os paneis luminosos situados en diferentes puntos do Concello e a edición de carteis e folletos que se colocaron nas sete bibliotecas municipais de Oleiros e noutros edificios municipais como a Escola de Danza, A Fábrica, na casa consistorial, nas casas do pobo, nos centros de saúde e nos colexios e institutos de Oleiros.



Folheto do ano 2023



Folheto do ano 2024



-Repercusión nos medios de comunicación:

Esta actividade tamén foi publicitada a través da radio municipal no espazo “Todo está nos libros”, programa de recomendacións de libros que realiza o persoal da biblioteca semanalmente e que se emite todos os venres ás 12 horas. A semana anterior a cada unha destas conferencias dáse publicidade ao final das recomendacións de libros.

<https://www.oleiros.org/es/todo-est%C3%A1-nos-libros>

Enviouse a información aos distintos medios de comunicación, principalmente á prensa: *La Voz de Galicia*, *La Opinión*, *El Ideal Gallego*, *Nós Diario*, etc.



Enlaces a algunhas das noticias na prensa:

<https://www.laopinioncoruna.es/gran-coruna/2024/05/24/charla-divulgativa-arquitectura-sostenible-rialeda-102822697.html>

<https://www.laopinioncoruna.es/gran-coruna/2024/04/17/charla-cardiologo-enrique-iglesias-dia-101167045.html>

<https://acorunaxa.com/news/a-biblioteca-rialeda-de-perrillo-acolle-unha-charla-sobre-o-corazon-funcion-patoloxias-e-coidados/58471/>

<https://acorunaxa.com/news/a-biblioteca-riadela-de-perillo-acolle-a-charla-a-importancia-da-conservacion-dos-oceanos/56985/>

<https://www.laopinioncoruna.es/gran-coruna/2024/02/21/sebastian-losada-asesor-greenpeace-charlara-98436727.htm>

e) Beneficios e resultados obtidos (impacto, indicadores empregados para a avaliación):

-Puidemos comprobar o aumento de socios/as, préstamo e visitas a raíz da realización destas programacións. Cada vez que realizamos as charlas, os asistentes preguntan cando vai ser a seguinte, demandan que as sigamos facendo e levan libros en préstamo relacionados con elas. Todos os anos, novos nenos/as e adolescentes que asisten a estas charlas se fan socios/as, así como persoas maiores que non eran socias da biblioteca.

-O fin de moitas destas charlas é a mellora do medio ambiente, a reciclaxe e o coidado do planeta, e cremos que conseguimos inculcar isto nas persoas asistentes.

-A igualdade entre os sexos é outra das finalidades. Nas presentacións das introducións procuramos que vaian alternando nenas e nenos, así como difundir nas nenas, adolescentes e mocidade a ciencia e as carreiras científicas.

-Contribución de ODS non contemplados nos apartados anteriores, como son a **Saúde e benestar** coas charlas sobre como coidar o noso corpo. **Educación de calidade**, conseguida coas introducións do alumnado e a súa anterior preparación na aula. **Traballo decente e crecemento económico**, intentamos conseguir isto amosando aos asistentes máis novos a oferta formativa que poden ter a través dos conferenciantes que imparten as charlas. **Cidades sostibles**, a través da charla *Arquitectura sostible: casa bioclimática e casa ecolóxica*. **Acción polo clima**, todas as charlas nas que se tratou o tema do cambio climático. **Consumo e produción responsable** tratado nas charlas sobre alimentación, incidindo na necesidade dun consumo sostible. **Vida baixo a auga e Vida de ecosistemas terrestres**, realizouse unha charla sobre *A importancia da conservación dos océanos*.

f) Coherencia, grado de detalle e adecuación da memoria:

O proxecto está detallado pormenorizadamente, coa orde de realización e cos resultados obtidos.

Ligazóns á documentación de interese e ao proxecto presentado

En cada un dos apartados descritos anteriormente están cada unha das ligazóns correspondentes.

Oleiros, a data da sinatura electrónica

Asdo. M^a Luz Corral Uzal

Coordinadora das bibliotecas municipais

